



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2018.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 5 de setembro de dous mil dezaoto ; as dez horas e cincuenta e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: D Javier Iglesias Sendín e Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e oito de agosto de dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por dona Stefany Mariana Melian Torres solicitando acometida de auga na rúa San Martiño 9 , piso 1 Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 21-8-2018 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º,

apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por don Juan Francisco Rodríguez Fernández solicitando acometida de auga en Carretera Filgueira de Francelos 12, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 21-8-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL-

1.- Visto o escrito presentado por Destilerías Xestal SL solicitando acometida de auga na Carretera a Carballiño, San Cristovo, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 29-8-2018 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito da Axencia de Turismo de Galicia comunicando a inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de vivenda de uso turístico.

-Resolución da Dirección Xeral de Enerxía e Minas declarando a caducidade da concesión da explotación Man de Moura nº 4553.1 .

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Dase conta da proposta de horario de inverno de apertura ao público das instalacións deportivas municipais.

-Polideportivo municipal O Consello.

De luns a venres.

Maña de 9,00 h a 13,00 horas

Serán de 16,15 horas a 22,45 horas.

Iste sería o horario básico que pudiera sufrir variacións en función de actividades puntuais e convenios con entidades deportivas.

Festivos e fins de seman: en función das actividades puntuais e competicións según convenios con entidades deportivas.

Pavillón municipal Maquiáns

Según convenios con entidades deportivas

Complexo deportivo O Xestal

Pistas de tenis e campo de fútbol de herba sintética

De 9,00 a 23 horas.

Iste sería o horario básico que pudiera sufrir variacións en función das actividades puntuais e convenios con entidades deportivas.

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS 2018

Vista a proposta de resolución definitiva da convocatoria de subvencións a entidades deportivas presentada polo Director do Servizo Municipal de Deportes, a xunta de goberno acorda:

Aprobar as seguintes subvencións as seguintes entidades e nas seguintes contías:

RIBADAVIA ATLÉTICO	424,2 €
I.D SARMIENTOS	742,35 €
CLUB MARUSIA RIBADAVIA	1360,97€
ASOC. DEP, CULT, RIBEIRO	883,75€
ESCOLA BALONMAN RIBADAVIA	1396,32€
RIBEIRO FÚTBOL CLUB	1307,95€
AGRUPACIÓN DEPORTIVO NATURAL	883,75 €

Xustificación

A xustificación debera realizarse ante o concello de Ribadavia tendo o beneficiario un mes de prazo dende a notificación da resolución definitiva. Para o que deberá presentar a conta xustificativa composta polos seguintes documentos:

-Relación dos gastos da actividade con identificación do acreedor , importe e data de emisión.

-Factura xustificativa en orixinal ou duplicado ou copia cotexada do documento. No caso de gastos de arbitrase , achegarse certificación do colexio de árbitros. No caso de gastos de desprazamentos deberase presentar documento asinado polo preceptor co VºBº do presidente, onde se reflectan nome, apelidos e NIF do preceptor e o CIF da entidade ao prezo máximo de 0,19 €/km.

Acreditación das medidas de difusión onde aparezan os logos do concello de Ribadavia e do Servizo Municipal de Deportes , tales como carteles, dípticos, páxina web e outros.

APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRAS

Visto o proxecto de “ Adecuación y mejora de los accesos interiores del cementerio de Ribadavia “ de data febreiro de 2018, redactado polo arquitecto don Enrique Otero González, colexiado nº 3784 COAG.

Vista a Resolución sobre actuación que afecta ao contorno de protección dun ben de interese cultural de 31/08/2018, expediente 66/436, asunto : Adecuación e mellora dos accesos interiores do cemiterio.

Vista a Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 147.2:” As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística así como do planeamento en vigor”

Visto o informe da arquitecta municipal de data 4 de setembro de 2018.

En exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2015,a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de “ Adecuación y mejora de los accesos interiores del cementerio de Ribadavia “ de data febreiro de 2018, redactado polo arquitecto don Enrique Otero González, colexiado nº 3784 COAG coas consideracións na execución dos traballos indicados na Resolución de Patrimonio de data 31/07/2018 :

- Con respecto ao espesor da pedra, 10 cm, é o espesor que debe incluírse nas pezas de granito moreno abuxardado.

- Con respecto ao pavimento de formigón , farase no pavimento de formigón desactivado ou formigón árido visto, prestando atención a que o árido sexa pequeno, e o control da cor do mesmo, de maneira que ofrezca un acabado natural e harmónico coas pedras tradicionais que se van colocar nos remates coidados dos bordos.

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE ADECUACIÓN E MELLORA DOS ACCESOS INTERIORES DO CEMITERIO DE RIBADAVIA

Vista a documentación obrante no expediente, visto o informe de Secretaría, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e en exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de data 15 de xuño de 2015.

Vista a Resolución de 4 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva , de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora de infraestruturas turísticas , e se anuncia a convocatoria para o ano 2018..

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Asemade, se requerirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que establezcan as normas de desenrolo de esta lei.

118.3 No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación de regras xerais de contratación , e que o contratista non teña suscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro de este artigo, O órgano de contratación comprobará o cumprimento de esta regra.

118.4 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

131.3 Os contratos menores poden adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

36.1 e 37.2 da LCSP os contratos menores non precisan para su perfección de formalización, non entanto , en ocasións como na presente, resulta convinte fixar determinadas condicións contractuais de forma expresa.

Solicitadas ofertas económicas con rexistro de saída do concello 1794,1795 e 1796 de 3 de setembro de 2018 a Aopil SL, Mial Cifer SLU e Extraco Construcciones e Proxectos SA.

Con rexistro de entrada no concello 3940 de 4 de setembro de 2018 Extraco SA presenta oferta económica por importe de 44.891 euros.

Con rexistro de entrada no concello 3973 de 4 de setembro de 2018 Aopil SL presenta oferta económica por importe de 44.854,70 euros.

Con rexistro de entrada no concello 3978 de 5 de setembro de 2018 Mial Cifer SLU presenta oferta económica por importe de 44.770 euros.

Resultando a oferta máis ventaxosa a de Mial Cifer SLU.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Considerando que a presente contratación mellora o deambular dos cidadans polo cemiterio e o aspecto estético do mesma, tratándose , a maiores, dunha actuación subvencionada pola Axencia de Turismo de Galicia.

Considerando que o contratista non ten subscrito contratos menores do ámbito material indicado co concello de Ribadavia , nesta anualidade orzamentaria, que individual ou conxuntamente superen o valor estimado de 40.000 euros.

Contratar con MIAL CIFER SLU a obra de “ Adecuación y mejora de los accesos interiores del cementerio de Ribadavia” , actuación subvencionada pola Axencia de Turismo de Galicia. *coas consideracións na execución dos traballos indicados na Resolución de Patrimonio de data 31/07/2018 :*

- *Con respecto ao espesor da pedra, 10 cm, é o espesor que debe incluírse nas pezas de granito moreno abuxardado.*

- *Con respecto ao pavimento de formigón , farase no pavimento de formigón desactivado ou formigón árido visto, prestando atención a que o árido sexa pequeno, e o control da cor do mesmo, de maneira que ofrezca un acabado natural e harmónico coas pedras tradicionais que se van colocar nos remates coidados dos bordos.*

Durante a execución, o contratista deberá colocar un cartel nun lugar visible para o público, no que deberá constar o financiamento do proxecto subvencionado pola Xunta de Galicia, a través da Axencia de Turismo de Galicia, segundo o modelo do anexo da Resolución de 4 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva , de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora de infraestruturas turísticas , e se anuncia a convocatoria para o ano 2018.(DOGA nº 14 de 19 de xaneiro de 2018).

Dado que se trata dunha actuación subvencionada cunha data límite de execución e xustificación , a data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa no concello de Ribadavia será o 16 de outubro de 2018, outorgando ao cumprimento de dita data o carácter de obriga contractual esencial.

Aprobar o gasto por importe de 44.891,00 con cargo ao orzamento deste exercicio de 2018.

Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data de adopción do acordo, servindo a sinatura de recepción do mesmo a efectos de formalización contractual.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as once horas e dez minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO